



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Paula Ares Otero, Secretaria-Interventora do Concello de Lousame (A Coruña) do que é Alcalde don Esteban Ares García

CERTIFICA: Que o **Pleno Corporativo**, na **sesión extraordinaria** que tivo lugar o día **26 de decembro do 2025**, adoptou o seguinte **acordo**, que se transcribe dun xeito literal, salvo erro ou omisión involuntarias:

3- APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO PARA O EXERCICIO 2026

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por seis (6) votos a favor (emitidos polos concelleiros do GPM do PP) e cinco (5) votos en contra (emitidos polos concelleiros do GPM do PSdG-PSOE e Grupo Mixto), sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte acordo:

<<Elaborado o proxecto de Orzamento do Concello de Lousame para o exercicio económico de 2026, así como os seus Anexos, as súas Bases de Execución e o cadro de persoal, de acordo co establecido polos artigos 168 e 169 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e o artigo 18 do RD 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988.

Vistos os informes da Secretaría-Intervención sobre os Orzamentos Xerais e sobre a estabilidade orzamentaria e nivel de endebedamento que constan no expediente (informe núm. 265 e 266 do 19/12/2025)

Considerando os antecedentes expostos, o Pleno Corporativo, no uso das súas competencias, adopta o seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar inicialmente os Orzamentos Xerais do Concello de Lousame para o exercicio económico 2026, xunto cos seus Anexos e as súas Bases de Execución, e cuxo resume por capítulos é o seguinte:

Estado de Gastos		Estado de Ingresos	
Operacións non financeiras		Operacións non financeiras	
3.691.508,54 €		3.825.134,21 €	
Gastos correntes		Ingresos correntes	
Capítulo	Importe	Capítulo	Importe
1	1.447.984,83	1	677.573,45
2	1.441.663,05	2	45.000,00



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

3	11.500,00	3	513.294,65
4	260.526,00	4	2.094.323,58
5	0	5	2.200,00
<i>Total</i>	<i>3.161.673,88</i>	<i>Total</i>	<i>3.332.391,68</i>
Gastos de capital		Ingresos de capital	
6	529.834,66	6	0,00
7	0	7	492.742,53
<i>Total</i>	<i>529.834,66</i>	<i>Total</i>	<i>492.742,53</i>
Operacións financeiras		Operacións financeiras	
133.625,67 €		0,00 €	
8	0,00	8	0,00
9	133.625,67	9	0,00
<i>Total</i>	<i>133.625,67</i>	<i>Total</i>	<i>0,00</i>
Total EG	3.825.134,21	Total EI	3.825.134,21

Segundo: Aprobar inicialmente o cadro de persoal, comprensivo de tódolos postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral fixo e temporal.

Terceiro: Expoñer ao público o expediente completo do Orzamento Xeral para o exercicio 2026 e o cadro de persoal, durante o prazo de quince días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar as reclamacións ante o Pleno. O Orzamento e o Cadro consideraranse definitivamente aprobados se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións. No caso contrario, o Pleno disporá dun mes para resolvelas. De tódolos xeitos o Orzamento e o Cadro de Persoal definitivamente aprobados non entrarán en vigor ate a súa aprobación definitiva (expresa ou tácita) e publicación da mesma no Boletín Oficial da Provincia.

Cuarto: Unha vez aprobados definitivamente, o Orzamento (resumido por capítulos) e o Cadro de Persoal serán publicados no Boletín Oficial da Provincia e remitirase unha copia dos mesmos á Administración do Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma

E para que así conste, e aos efectos oportunos, emítese o presente, co visto e praxe da Alcaldía, en Lousame na data da sinatura dixital

O Alcalde, Esteban Ares García

A Secretaria-Interventora, Paula Ares Otero